



| | |
|---|--|
| Nome | <i>Aula Activa do Mar Santiago Gallego Picard e Museo do Mar</i> |
| Propietario e xestor | Concello de Rianxo (A Coruña) |
| Enderezo | Aula Activa: Mestres, s/n - 15920 - Rianxo Museo do Mar: Praza Castelao, 13 - 15920 - Rianxo |
| Teléfono | 981 860 808; 981 860 755 |
| Web | http://omarfeitotradicion.gal |
| e-mail | aulaactivadomar@rianxo.gal ; museodomar@rianxo.gal |
| Período de apertura | Concertar visita. |
| Destinatarios/as | Grupos organizados, familias e visitantes en xeral. |
| Prezo | Gratuíto. |
| Contidos | <p>O Concello de Rianxo, de marcada tradición mariñeira, conta con varias infraestruturas de carácter municipal que permiten coñecer o mundo do mar dunha forma multidisciplinar, activa e integral. Ambas as dúas instalacións están integradas no proxecto "Rianxo, o mar feito tradición".</p> <p>Por unha banda, desde a <i>Aula Activa do Mar</i>, as persoas visitantes poden coñecer as principais características biolóxicas do litoral: a través de maquetas e dioramas dos distintos biomas que representan as diferentes especies segundo o tipo de costa e de substrato mariño. Conta con varios módulos (paneis e mais maquetas) sobre a Rede Natura, centrado nos valores naturais do municipio. En menor medida, conta con elementos relacionados coa cultura mariñeira local, en concreto, artes de pesca relacionadas co marisqueo a pé, a flote e a pesca artesanal e a carpintería de ribeira. Ofrece tamén información sobre problemas ambientais como o lixo e a contaminación.</p> <p>O <i>Museo do Mar</i> ofrece unha visión máis etnográfica e antropolóxica da vida no mar, en concreto das actividades económicas relacionadas, como o marisqueo, a pesca e a construción naval. En cada un dos tres andares preséntanse contidos de forma temática: no baixo sobre a pesca, no primeiro mostra tipoloxías de embarcacións, e no soto reproduce un obradoiro de carpintería de ribeira.</p> |
| Características das instalacións | <p>A Aula do Mar é unha iniciativa municipal desenvolvida polo alumnado da Escola Obradoiro de actividades náutico-turísticas do ano 1999. Conta con dous andares, aínda que os recursos expositivos se concentran no andar 0. É accesible para calquera tipo de público.</p> <p>O Museo do Mar está localizado nunha antiga vivenda rehabilitada e adaptada ao actual uso, coñecida como a "Casa do Coxo". O edificio conta con tres andares, accesibles ás persoas con mobilidade reducida por contar cun ascensor.</p> |
| Actividades | <p>O aula mantén a filosofía dos Centros de Interpretación, permitindo interactuar cos recursos que presenta. A oferta principal baséase en visitas guiadas nas que os profesionais van facilitando a comprensión de actividades e procesos de forma activa.</p> <p>O Museo pódese visitar de forma autónoma ou guiada, e por limitacións de espazo é unha visita centrada na información a través de paneis e das explicacións do guía.</p> |
| Valoración | <p>Recoméndase visitar os dous centros porque a información é complementaria; recoméndase ademais acordar a visita cun paseo polo porto e a lonxa, para ter unha idea máis completa do proxecto integral do municipio arredor do mar, no que se ofrece información dos barcos cos que conta o Concello, utilizados con fins educativos e turísticos, e a posta en valor doutros elementos relacionados co mar.</p> <p>Pódese programar a actividade para todo o día, e así rematar coa visita á Casa Museo de Manuel Antonio, na que se atopan obxectos orixinais (mobiliario, documentos, obxectos persoais...) e se pode ver un audiovisual no que se presenta a vida e obra deste escritor; o Concello ten proxectado musealizar tamén a casa de Castelao.</p> |